

# El Progreso

## Galiciae

A TECELÁ EN OUTONO

### Algo que celebrar

---

Etiquetas: a tecelá de outono, opinión, Marica Campo

Marica Campo. Febreiro corre cara ao seu final e ben lle cómpre porque, fiel ao refrán, trouxo de todo: «Febreiriño curto cos seus vinte e oito, se durase outros catro non quedaba can nin gato». Abofé que vai sendo particularmente denso o deste ano. E non só me refiro ao frío, a chuvia e a neve, senón tamén a feitos e novas que non nos deixaron menos conxelados que a temperatura característica deste mes.

A renuncia do Papa, por máis que sexa insólita, é razoábel e pode marcar o comezo do sentido común, a se converter nun exemplo que outros deberían imitar. Non é esta, xa que logo, unha noticia negativa.

Non vou facer o recordatorio das cousas noxentas que nos tocou coñecer e causan inquedaanza á maior parte do país, que vén sendo honrada mal que lles pese aos que pensan que a corrupción nos vai nos xenes. Quero lembrar, pola contra, unha efeméride que, sobre todo para as galegas e galegos, debería ser motivo de celebración. Falo do aniversario de Rosalía de Castro que, como saben, chegou ao mundo o 24 de decembro de 1837.

Dáse a circunstancia, ademais, de que a considerada obra fundacional da nosa literatura moderna, 'Cantares Gallegos', cumpre este ano os 150 da súa publicación.

Por que celebrar? Que importan estas cousas cando é o pan de cada día o que está en xogo? Precisamente, por iso, máis que nunca. Roubarannos canto temos, mais nunca nos poderán roubar o que somos. O orgullo e a dignidade de sabérmonos pertencentes á estirpe desta muller, axudarannos a atopar forzas para a loita.

Aquí é moi frecuente rematar os razoamentos cun expeditivo «éche o que hai». Se non reparamos ben, podemos identificalo con aquelas palabras da nosa autora: «Triste é o cantar que cantamos, mais que facer se outro mellor non hai». Pero equivocarámonos. A distancia é tanta como a que vai do conformismo á denuncia. Rosalía foi e segue a ser a voz pobo que pide trato xusto. Nada máis e nada menos.

Neste diario, cada domingo publícanse artigos sobre 'Cantares Gallegos'. É un bo contributo á conmemoración. Tamén un verdadeiro agasallo para os lectores e lectoras que -doulle a idea, se non o pensou xa, á empresa de El Progreso-, deberían conformar un libro.

No mesmo propósito de (re)coñecer a figura de Rosalía, os centros de ensino lugueses renderanlle hoxe, ás 12 da mañá no parque do seu nome, unha homenaxe na que se recitarán poemas seus e

mais se dará lectura a un manifesto da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Faltan dous días, mais por cadrar este ano en domingo, é imposíbel cingirse á data no ámbito escolar. Será unha experiencia no camiño do amor a Galiza ou, o que é o mesmo, a quen mellor a representa.

22/02/2013